

05/2024.-ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 04 DE ABRIL DE 2024

No salón de sesións da Casa do Concello das Pontes de García Rodríguez, o día 04 de abril de 2024, ás nove horas e trinta e seis minutos reúnen, baixo a presidencia do alcalde en funcións, Antonio Alonso Román, asistido da secretaria que referenda, os concelleiros e concelleiras que se relacionan, co fin de desenvolver a sesión extraordinaria urxente do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

PRESIDENTE (Decreto de substitución núm. 630/2024, do 04 de abril)

Antonio Alonso Román

CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS:

Ana M^a Pena Purriños

Elena López Seco

Lorena Tenreiro Blanco

María Tania Pardo Cabarcos

Roberto Rivera Rego

Francisco da Silva Vello

María Jesús Romero Franco

M^a del Carmen Dopico Rodríguez

Diego Balsa Bellas

Carmela Franco Caaveiro

NON ASISTEN CON ESCUSA:

Valentín González Formoso

Fernando Vilaboy Ledo

SECRETARIA:

Marina Núñez Orjales

INTERVENTORA:

Cristina Morán Monzo

Aberta a sesión, trátanse os seguintes asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1º.- RATIFICAR A URXENCIA DA SESIÓN

O presidente da sesión explicou o motivo da urxencia da sesión na necesidade de aprobar o orzamento do exercicio 2024.

A urxencia da sesión apreciase por unanimidade con 6 votos a favor do PSdeG-PSOE, 4 do BNG e 1 do PP.

2º.-APROBAR INICIALMENTE O ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2024

O presidente da sesión dá conta do ditame da Comisión Informativa de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos de data 02/04/2024 e explica o contido do expediente, que se tramita co número de procedemento 2024/T004/000001.

Os antecedentes do expediente son os seguintes:

- Informe da técnico de xestión tributaria, do 26/01/2024, no que se contén a cuantificación dos beneficios fiscais concedidos durante o exercicio 2023.
- Informe de previsión de ingresos que asina o tesoureiro municipal en data 05/02/2024.
- Informe de previsión de beneficios fiscais para o exercicio 2024, que asina o tesoureiro municipal en data 20/02/2024
- Anexo de beneficios fiscais e o seu impacto na recadación municipal, que asina o concelleiro da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos en data 21/02/2024.
- Anexo de investimentos, que asina que asina o concelleiro da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos en data, en data 22/02/2024.
- Informe de débeda, que asina o tesoureiro municipal en data 23/02/2024
- Anexo débeda 2024, que asina o concelleiro da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, en data 23/02/2024.
- Documentación relativa á liquidación do orzamento do exercicio anterior que asina o concelleiro da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos en data 01/03/2024.
- Acta da mesa xeral de negociación de data 01/03/2024, relativa ao anexo de persoal
- Anexo de persoal de 2024, que corrixe o erro detectado na mesa xeral de negociación, e que asina o día 04/03/2024 o concelleiro da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos.
- Anexo coa información relativa ós convenios subscritos coas comunidades autónomas en materia de gasto social, que asina a concelleira da Área de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación, en data 04/03/2024.
- Bases de execución, que asina o concelleiro da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos en data en data 04/03/2024
- Informe económico financeiro que asina o concelleiro o concelleiro da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos en data en data 01/03/2024.
- Memoria do orzamento municipal para o exercicio de 2024 que asina o alcalde do concello en data 21/03/2024.

- Informe xurídico ao anexo de persoal que asina o técnico de administración xeral en data 22/03/2024.
- Informe de Secretaría, que asina a secretaria municipal en data 22/03/2024.
- Informe de Intervención, que asina a interventora municipal en data 25/03/2024.
- Informe de estabilidade orzamentaria que asina a interventora municipal en data 25/03/2024.
- O ditame da Comisión Informativa de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, de data 02/04/2024.

O Pleno do concello, á vista dos antecedentes indicados e do disposto nos artigos 90, 93 e 112 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e do artigo 126 do Texto refundido 781/1986, do 18 de abril, con seis votos a favor do PSdeG-PSOE, catro abstencións do BNG e 1 abstención do PP acorda:

- 1º) Aprobar inicialmente o orzamento xeral para o exercicio económico de 2024, importando o estado de ingresos e gastos 15.915.654,67 €, sendo o seu detalle, en síntese, o que se reflicte a continuación:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

A) INGRESOS, RESUME POR CAPÍTULOS:

1.- OPERACIÓNS CORRENTES:

CAPÍTULO I Impostos Directos.....	9.198.000,00 €
CAPÍTULO II Impostos Indirectos.....	50.000,00 €
CAPÍTULO III Taxas e outros impostos.....	1.859.037,85 €
CAPÍTULO IV Transferencias correntes.....	4.722.016,82 €
CAPÍTULO V Ingresos patrimoniais.....	26.600,00 €
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES.....	15.855.654,67 €

2.- OPERACIÓNS DE CAPITAL:

CAPÍTULO VI Alleamento de inversións.....	0,00 €
CAPÍTULO VII Transferencias de capital.....	0,00 €
CAPÍTULO VIII Activos financeiros.....	60.000,00 €
CAPÍTULO IX Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL.....	60.000,00 €
TOTAL ORZAMENTO XERAL INGRESOS.....	15.915.654,67 €

B) GASTOS, RESUME POR CAPÍTULOS:

1.- OPERACIÓNS CORRENTES:

CAPÍTULO I Gastos de Persoal.....	5.626.060,54 €
CAPÍTULO II Gastos en bens correntes e servizos.....	8.554.003,84 €
CAPÍTULO III Gastos financeiros.....	35.900,00 €
CAPÍTULO IV Transferencias correntes.....	1.462.633,60 €

TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES.....15.678.597,98 €

2.- OPERACIÓNS DE CAPITAL:

CAPÍTULO VI Inversións reais.....121.006,69 €

CAPÍTULO VII Transferencias de capital.....56.050,00 €

CAPÍTULO VIII Activos financeiros.....60.000,00 €

CAPÍTULO IX Pasivos financeiros.....0,00 €

TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL.....237.056,69 €

TOTAL ORZAMENTO XERAL GASTOS.....15.915.654,67 €

- 2º) Aprobar as Bases de Execución do Orzamento e o anexo de investimentos para o exercicio económico de 2024 que se xunta no anexo.
- 3º) Aprobar o cadro de persoal de cada posto de traballo.
- 4º) Aprobar o incremento das retribucións do persoal de limpeza, auxiliares do Servizo de Axuda a Domicilio (SAD/SAF) e peón de protección civil ate acadar o salario mínimo interprofesional (SMI), establecido no Real Decreto 145/2024, do 6 de febreiro en 1.134 euros mes e catorce mensualidades anuais, sen que supoña a absorción dos trienios recoñecidos ao persoal.
- 5º) Expoñer o orzamento ao público durante 15 días, mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados podan examinalo e presentar reclamacións ante o pleno. O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaran reclamacións; noutro caso, o pleno disporá dun mes para resolvelas.

REMATE DA SESIÓN

Finalmente, a presidencia dá por rematada a sesión ás once horas e vinte e oito minutos, estendéndose dela esta acta, da que, como secretaria, certifico.

A secretaria

O presidente

Marina Núñez Orjales

Antonio Alonso Román

ARQUIVO DE VÍDEO E AUDIO

O arquivo correspondente a gravación realizada durante a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do Concello das Pontes de García Rodríguez do día 04/04/2024 é auténtico.

O arquivo de vídeo da gravación do Pleno ten o seguinte “hash” ou identificador:

477504CBD95C4249C33AD46987287A16168694667CA304EBE54B6764BA8B72DC

Este identificador foi calculado aplicando ao ficheiro o algoritmo SHA256. Deste xeito, no caso de que non se modifique o ficheiro de vídeo, e aplicando o mesmo algoritmo, o identificador resultante será o mesmo que consta neste documento.

O arquivo de audio da grabación do Pleno ten o seguinte “hash” ou identificador:

893B07546C514E5AD5FB77FA7F5BC2063A7E6C8BC1338D548079388C45CA68B5

Este identificador foi calculado aplicando ao ficheiro o algoritmo SHA256. Deste xeito, no caso de que non se modifique o ficheiro de audio, e aplicando o mesmo algoritmo, o identificador resultante será o mesmo que consta neste documento

A secretaria

Marina Núñez Orjales